

## Procedemento para a renovación das Comisións da Xunta de Facultade aprobado na sesión extraordinaria do 20 /03/2019

Unha vez aprobado o novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade cómpre renovar todas as Comisións do Centro (Permanente, comisión delegadas e o resto das comisións). Por este motivo propónse o seguinte procedemento:

1.- Cada membro da Xunta de Facultade que o desexe poderá presentar a súa candidatura a calquera comisión nas condicións establecidas no RRI do Centro para cada comisión e sector.

2.- O prazo de presentación de candidaturas finalizará o martes 26 de marzo ás 14:00 horas. As candidaturas presentaranse por internet a través dun formulario electrónico.

VER MODELO DE CADA FORMULARIO AO FINAL DO DOCUMENTO

3.- O 27 de marzo publicaranse as listas provisórias abríndose un prazo de reclamacións ata o 28 de marzo ás 14:00 horas. O 29 de marzo publicaranse as listas definitivas.

4.- As candidaturas imprimiranse nunha folla única por sector (PDI, estudantes e PAS) que conterá tódalas comisións e correspondentes candidatos/as. Nela cada membro da Xunta de Facultade poderá votar a tantos membros como prazas, e sen distinción de xénero. Se para unha comisión o número de candidatos/as fose igual ou inferior ao número de prazas non será necesaria votación.

5.- O Decano convocará á Xunta de Facultade na que incluírá como punto da orde do día: Votación para a renovación das Comisións da Xunta de Facultade.

6.- Procedemento de votación

a) Os membros de Xunta de Facultade votarán exclusivamente aos candidatos/as do seu sector. Na folla de votación figurarán todas as comisións e candidatos/as para cada unha delas. Para cada comisión indícarase o número de candidatos/as aos que é posible votar en cada sector, segundo o establecido no RRI.

b) A votación será nominal e secreta en urnas separadas por sectores.

c) Finalizada a votación e en acto público o Decano e a Secretaria Académica do Centro procederán ao recuento de votos. Ao se tratar dunha folla de votación única, de existir motivos de nulidade só serán aplicados ás comisións que se vexan afectadas. De non se marcar ningún candidato/a nunha ou varias comisións da folla de votación computaranse como votos en branco ás comisións afectadas. No suposto de que algún membro da Xunta desexe expresar a súa abstención o poderá indicar, se o desexar, riscando esa opción na folla de votación.

d) Finalizado o recuento, farase a proclamación dos/as candidatos/as electos/as que pasarán a constituír as novas comisións.

e) Os/as candidatos/as non electos quedarán en lista de agarda para a cobertura de posibles vacantes.

Desde a dirección dos departamentos enviaranse as propostas de representantes nas comisións que lle correspondan segundo o RRI, antes do 2 de abril de 2019. Os/as representantes propostos deberán ter a condición de membros da Xunta de Facultade.

## PROPOSTAS DE ACORDO ADICIONAIS

1.- Tribunal de compensación: proponse que os tres vogais do PDI sexan os/as docentes responsables das titulacións de Grao (1 de Educación Social, 1 de Logopedia, 1 rotatorio cada dous anos en representación de Educación Infantil e Primaria, comezando por Infantil). O Regulamento de avaliación por compensación establece neste sentido o seguinte: “Tres vogais profesores: profesores con vinculación permanente á Universidade. Pertencerán a diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia en materias de Formación básica, troncais u obrigatorias da titulación ou titulacións impartidas no centro [...] no caso de que unha titulación de grao teña coordinador, éste tamén deberá formar parte do tribunal. En ambos casos sen exceder do número de tres profesores vogais”.

2.- Comisión de Biblioteca: coa finalidade de garantir e simplificar o cumprimento do artigo 25 apartado 1 do RRI que esixe que dos/das 6 docentes elegibles alomenos 1 pertenza a cada departamento adscrito, proponse que sexan os departamentos os que elixan a 2 representantes cada un.

3.- Comisión Académica: é necesario elixir un/unha representante do profesorado por cada un dos graos que se imparten na Facultade. Os/as candidatos/as presentaranse indicando a titulación na que imparten docencia e pola que aspiran a ser elixidos/as. Non será posible presentarse simultaneamente por máis dunha titulación. No acto de votación poderase votar a catro docentes resultando electo/a o máis votado por título, quedando o resto en lista de agarda para a titulación pola que se presentaron.

## ANEXO I:

Comisións	Fixos	PDI a elixir en X.F.	PDI a elixir polos Dptos	Alumnado a elixir en X.F.	PAS a elixir en X.F.
-----------	-------	----------------------	--------------------------	---------------------------	----------------------

Comisión Permanente	15			7	2
---------------------	----	--	--	---	---

### Delegadas

Comisión Académica <sup>(1)</sup>	2	4	3	4	1
Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas	2	4		3	1
Comisión de Extensión Cultural	1	4		2	1
Comisión de Normalización Lingüística	1	4		2	1
Comisión de Titulación de Educación Infantil <sup>(2)</sup>	2		13	7	2
Comisión de Titulación de Educación Primaria <sup>(3)</sup>	2		12	6	2
Comisión de Titulación de Educación Social <sup>(4)</sup>	2		6	4	1
Comisión de Titulación de Logopedia <sup>(5)</sup>	2		12	6	2
Comisión Académica do Mestrado Aplicada <sup>(6)</sup>	2		10	5	2

### Outras

Comisión de Calidade	14	2		2	1
Comisión de Biblioteca <sup>(7)</sup>	2		6	3	1
Comisión de Relacións Internacionais	2	4		3	1
Tribunal de avaliación por compensación	4			1	1

<sup>(1)</sup> 1 PDI por grao XF (Total 4) / 1 PDI por departamento (Total 3)

<sup>(2)</sup> Elección 1 PDI\*área (Total 13), ver no Anexo III as áreas

<sup>(3)</sup> Elección 1 PDI\*área (Total 12), ver no Anexo III as áreas

<sup>(4)</sup> Elección 1 PDI\*área (Total 6), ver no Anexo III as áreas

<sup>(5)</sup> Elección 1 PDI\*área (Total 12), ver no Anexo III as áreas

<sup>(6)</sup> Elección 10 PDI\*áreas proporcional docencia en título, ver no Anexo II as áreas co número de candidatos

<sup>(7)</sup> Do PAS a elixir terá que ser do Servizo de Biblioteca

\* Na área sombreada atópase o número de candidatos/as a votar na Xunta de Facultade ou Departamento

**ANEXO II:****Número de candidatos/as posibles****Comisión Académica do Mestrado en Psicoloxía Aplicada**

<b>Área</b>	<b>nº créditos</b>	<b>% representan</b>	<b>representante</b>
Personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos	9	11,5	1
Psicoloxía evolutiva e da educación	36	46,2	5
Metodoloxía das ciencias do comportamento	6	7,7	1
Psicoloxía Social	9	11,5	1
Psicobioloxía	12	15,4	1
Psicoloxía básica	6	7,7	1
<b>Total:</b>	<b>78</b>		
<b>Vogais:</b>	<b>10</b>		

## **ANEXO III:**

### **Comisións titulación de grao**

#### **Áreas con materias de formación básicas ou obrigatorias**

##### **Grao en Educación Infantil: 13 áreas**

Didáctica da expresión corporal  
Didáctica da expresión musical  
Didáctica da expresión plástica  
Didáctica da lingua e a literatura  
Didáctica da matemática  
Didáctica das ciencias experimentais  
Didáctica das ciencias sociais  
Didáctica e organización escolar  
Métodos de investigación e diagnóstico en educación  
Personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos  
Psicología evolutiva e da educación  
Sociología  
Teoría e historia da educación

##### **Grao en Educación Primaria: 12 áreas**

Didáctica da expresión corporal  
Didáctica da expresión musical  
Didáctica da expresión plástica  
Didáctica da lingua e a literatura  
Didáctica da matemática  
Didáctica das ciencias experimentais  
Didáctica das ciencias sociais  
Didáctica e organización escolar  
Métodos de investigación e diagnóstico en educación  
Psicología evolutiva e da educación  
Sociología  
Teoría e historia da educación

##### **Grao en Educación Social: 6 áreas**

Didáctica e organización escolar  
Métodos de investigación e diagnóstico en educación  
Psicología evolutiva e da educación  
Psicología Social  
Sociología  
Teoría e historia da educación

##### **Grao en Logopedia: 12 áreas**

Anatomía e embrioloxía humana  
Didáctica e organización escolar  
Fisioloxía  
Lingüística xeral  
Medicina  
Metodoloxía das ciencias do comportamento  
Métodos de investigación e diagnóstico en educación  
Otorrinolaringoloxía  
Personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos  
Psicobioloxía  
Psicología básica  
Psicología evolutiva e da educación

OS ENLACES AOS FORMULARIOS  
PARA A PRESENTACIÓN DE  
CANDIDATURAS ENVIARANSE POR  
EMAIL. PÓDENSE VER OS MODELOS  
AO FINAL DESTE DOCUMENTO.

---

## Formulario de presentación de candidaturas do sector PDI

Nota: En caso de haber máis dun rexistro por candidato/a considerarase como válido o de data e hora máis actual.

Ola, Juan Carlos: cando envíes este formulario, o propietario poderá ver o teu nome e o teu enderezo de correo electrónico.

\* Necesaria

### 1. Apellidos \*

### 2. Nome \*

### 3. Correo electrónico institucional UDC \*

### 4. Presento a miña candidatura a comisión de: \*

- Comisión Académica polo Grao en Educación Infantil
- Comisión Académica polo Grao en Educación Primaria
- Comisión Académica polo Grao en Educación Social
- Comisión Académica polo Grao en Logopedia
- Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas
- Comisión de Extensión Cultural
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Calidade
- Comisión de Relacións Internacionais

Enviarme unha confirmación de correo electrónico das miñas respostas

Enviar

## Formulario de presentación de candidaturas do sector Alumnado

Nota: En caso de haber máis dun rexistro por candidato/a considerárase como válido o de data e hora máis actual.

Ola, Juan Carlos: cando envíes este formulario, o propietario poderá ver o teu nome e o teu enderezo de correo electrónico.

\* Necesaria

### 1. Apellidos \*

### 2. Nome \*

### 3. Correo electrónico institucional UDC \*

### 4. Presento a miña candidatura a comisión de: \*

- Comisión Permanente
- Comisión Académica
- Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas
- Comisión de Extensión Cultural
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Titulación de Educación Infantil
- Comisión de Titulación de Educación Primaria
- Comisión de Titulación de Educación Social
- Comisión de Titulación de Logopedia
- Comisión Académica do Mestrado Aplicada
- Comisión de Calidade
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Relacións Internacionais
- Tribunal de avaliación por compensación

Enviarme unha confirmación de correo electrónico das miñas respostas

Enviar

## Formulario de presentación de candidaturas do sector PAS

Nota: En caso de haber máis dun rexistro por candidato/a considerárase como válido o de data e hora máis actual.

Ola, Juan Carlos: cando envíes este formulario, o propietario poderá ver o teu nome e o teu enderezo de correo electrónico.

\* Necesaria

### 1. Apellidos \*

### 2. Nome \*

### 3. Correo electrónico institucional UDC \*

### 4. Presento a miña candidatura a comisión de: \*

- Comisión Permanente
- Comisión Académica
- Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas
- Comisión de Extensión Cultural
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Titulación de Educación Infantil
- Comisión de Titulación de Educación Primaria
- Comisión de Titulación de Educación Social
- Comisión de Titulación de Logopedia
- Comisión Académica do Mestrado Aplicada
- Comisión de Calidade
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Relacións Internacionais
- Tribunal de avaliación por compensación

Enviarme unha confirmación de correo electrónico das miñas respostas

Enviar